



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Álvarez, Antón
 Filgueira Pérez, Ángeles
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 Gil Villanueva, José M^a
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Marti Pellón, Daniel
 Martínez Cobas, Xavier
 Martínez Rodríguez, María
 Mato de la Iglesia, Salustiano
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Viso Alonso, Augusto

Desculpa a asistencia
 Gutiérrez Nieto, Manuel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do vinte e sete de xaneiro de dous mil catro, convocada para as 16:30 horas en primeira convocatoria e as 17:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O martes, día 27 de xaneiro de 2004, ás 17:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 11 de decembro 2003.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Doutoramento.
4. Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Fin de Carreira.
5. Prazas para habilitación nacional.
6. Convocatoria de axudas de Extensión universitaria.
7. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.
8. Elección de representantes en Consellos de Departamento: interpretación provisional do artigo 45 dos estatutos e adaptación aos novos estatutos do Regulamento para a elección de representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento.
9. Aprobación, se procede, do cambio de nome da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense.
10. Aprobación, se procede, dos convenios marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidad de los Andes (Chile), Universidad Católica del Norte (Chile) e a Universidade de Fortaleza (Brasil).
11. Aceptación, se procede, da cesión gratuíta de accións da Sociedade "Portal Universia, S.A."
12. Elección de representantes no consello Social: 1 estudante.
13. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 11 de decembro 2003.

Aprobase por asentimento

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- É previsible que os Decretos de grao e posgrao queden para a próxima lexislatura. O Decreto de profesorado nin sequera pasou a informe por as Comisións do Consejo de coordinación universitaria, polo que aínda vai máis lento e dará tempo a enviar calquera suxestión.
- De que hoxe foi presentado o anteproxecto de Lei do sistema universitario galego no Consello de coordinación universitaria de Galicia.
- Da sinatura dun convenio co grupo Santander a semana pasada.
- Do acto académico de San Tomé o día 28 ás 12 horas na Facultade de Filoloxía e Traducción.

Punto 3.- Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Doutoramento.

Apróbase por asentimento (Anexo I).

Punto 4.- Aprobación, se procede, da proposta dos Premios Extraordinarios de Fin de Carreira.

Apróbase por asentimento (Anexo II).

Punto 5.- Prazas para habilitación nacional.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da solicitude de tres prazas de TU para habilitación nacional. Dúas corresponden á área 295 (Explotación de minas) e están ocupadas por dous PP2, e a terceira corresponde a área 505 (Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría) e está ocupada por un TU interino.

O profesor Ramos pregunta se os dous PP2 asinaron a súa conformidade para sacar esas prazas a habilitación ao que a vicerreitora contesta afirmativamente.

O reitor pregunta que significa esa conformidade e sinala que isto implicaría sacar dúas prazas a concurso que se non son cubertas polos dous profesores PP2 serían dúas prazas a maiores. Lembra que ata agora a transformación era en primeiro lugar a TU interino e a continuación saía a concurso.

Establécese un breve debate sobre o tema e sobre o compromiso de promoción para estes profesores aprobado en Consello de Goberno.

O reitor sinala que se estes profesores piden a conversión a TU interino, non hai problema coa saída das prazas a habilitación, pero en caso contrario podería chegarse a unha duplicación das prazas, polo que propón á vicerreitora que este tipo de situacións sexa de novo estudiado pola COAP.

A vicerreitora está de acordo con facer unha análise máis profunda da situación dos PP2 neste intre e propón que a decisión sobre a saída a habilitación destas dúas prazas se pospoña ata o próximo prazo que é no mes de maio.

Esto non afectaría á terceira praza da área 505 que xa está ocupada interinamente polo que esta enviaríase para habilitación nacional.

Acéptase por asentimento nestes termos.

Punto 6.- Convocatoria de axudas de Extensión universitaria.

Informa o vicerreitor de extensión universitaria e estudantes das novidades máis salientables da convocatoria destas axudas.

O profesor Domínguez pide que as solicitudes para actividades extraacadémicas e de difusión cultural se estendan tamén aos alumnos de terceiro ciclo.

O vicerreitor di que el está de acordo, pero que haberá que recalcular as cantidades se se acepta polo Consello de Goberno.

Acéptase por asentimento.

O profesor Domínguez pregunta se a programación de extensión universitaria do centro que requira financiamento a través desta convocatoria, en lugar de ser aprobada pola xunta de centro pode ser aprobada pola comisión de extensión universitaria, delegada da xunta de centro, no caso en que exista.

O reitor di que a xunta de centro sempre pode delegar estes asuntos na comisión delegada da mesma máis axeitada.

A señora Filgueira pregunta se un profesor pode formar parte dunha asociación de estudantes.

O vicerreitor di que o criterio que se está a seguir é que a maioría dos membros sexan estudantes.

O reitor di que é no Regulamento de estudantes onde se deben debater estes temas.

Apróbase a convocatoria de axudas de extensión universitaria por asentimento.

Punto 7.- Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.

A secretaria xeral informa dos cambios.

Apróbase por asentimento (Anexo III).

Punto 8.- Elección de representantes en Consellos de Departamento: interpretación provisional do artigo 45 dos estatutos e adaptación aos novos estatutos do Regulamento para a elección de representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento.

Sobre a interpretación provisional do artigo 45 dos estatutos, a secretaria xeral propón, de xeito provisional ata que estean aprobados os Regulamentos de departamentos, profesorado e investigación, en coherencia co aprobado no seu día para as eleccións a representantes no claustro constituínte e para a elección de membros das xuntas de centro, aceptar o seguinte:

- No apartado a) incluír, ademais do persoal docente doutor, o persoal investigador doutor como os contratados Ramón y Cajal e Parga Pondal.

- No apartado b) incluír como persoal investigador a tempo completo aos bolseiros de FPI/FPU.

- No apartado e) como investigadores en formación incluír ao resto de bolseiros predoutorais (da Xunta, da Universidade de Vigo, etc.) e aos licenciados con contrato a cargo de proxectos.

Acéptase por asentimento.

A continuación, a secretaria xeral informa dos cambios realizados no Regulamento para a elección de representantes nos consellos de departamento para a súa adaptación aos novos estatutos.

O profesor Legido pregunta se por operatividade en lugar da celebración dunha elección en cada centro, nos centros que ocupan o mesmo recinto poderían facer unha única elección se están de acordo, neste caso habería que modificar o artigo 7.

O reitor indica que a normativa di que ten que haber unha xunta electoral en cada centro, pero non ten por que haber unha mesa electoral en cada centro se as xuntas electorais están de acordo. Propón substituír o texto do artigo 18.1 polo seguinte:

“1. En cada centro, ou agrupación de centros autorizada pola comisión electoral, haberá unha urna e un censo para cada departamento no que haxa eleccións”.

Apróbase o Regulamento por asentimento coa modificación sinalada (Anexo IV).

Punto 9.- Aprobación, se procede, do cambio de nome da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense.

A vicerreitora de organización académica e profesorado di que a COAP informou favorablemente aínda que botou de menos unha memoria xustificativa.

Intervén a profesora Diéguez Castrillón, vicedecana da Facultade de ciencias empresariais de Ourense, para dicir que a xustificación é a inclusión da nova titulación de Turismo no centro.

O reitor pide que para elevar esa solicitude á Xunta é mellor facer unha memoria xustificativa antes da súa tramitación ao Consello Social.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Aprobación, se procede, dos convenios marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidad de los Andes (Chile), Universidad Católica del Norte (Chile) e a Universidade de Fortaleza (Brasil).

Apróbase por asentimento.

Punto 11.- Aceptación, se procede, da cesión gratuíta de accións da Sociedade “Portal Universia, S.A.”

Acéptase por asentimento.

Punto 12.- Elección de representantes no consello Social: 1 estudante.

Hai dúas candidaturas presentadas para cubrir un posto:

Dona Patricia Corbacho Suso
Don Roberto González Novas

Realizada a votación entre os membros do sector de estudantes o resultado é o seguinte:

Dona Patricia Corbacho Suso	0 votos
Don Roberto González Novas	2 votos.

Polo que sae elixido Don Roberto González Novas.

Punto 13.- Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 18:00 horas do día 27 de xaneiro de 2004 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfé